

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

María Beatriz Domínguez Oroña / Rosa Mouzo Villar / Marta Negro Romero (2015): “O *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# O Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués

María Beatriz Domínguez Oroña, Rosa Mouzo Villar e Marta Negro Romero

O *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (TLPGP) é un proxecto internacional que ten por obxectivo rexistrar e integrar nun único banco de datos un amplo número de obras lexicográficas galegas, portuguesas e brasileiras con referenciación xeográfica.

O proxecto está en permanente construción, cun equipo aberto que admite novos parceiros.



<http://ilg.usc.es/Tesouro>

Este corpus dixital, posto en marcha desde o Instituto da Lingua Galega coa participación de equipos de investigación de varias universidades de Portugal e Brasil, é de consulta libre a través de internet e pon á disposición dos usuarios materiais ata o de agora inéditos ou de moi difícil acceso para a comunidade científica.

## Información ofrecida ó usuario

Labels pointing to interface elements:


- Lema
- Categoría gramatical
- Clasificación semántica
- Imaxes
- Remisións cruzadas
- Cita bibliográfica
- Exemplo
- Cartografía
- Variante
- Transcrición fonética
- Categoría gramatical do glosario
- Definición

- Variante: a forma léxica tal e como aparece na obra orixinal.
  - Transcrición fonética: ofrécese, cando existe, a información máis relevante en IPA.
  - Categoría gramatical que consta nos glosarios.
  - Definición: información semántica ofrecida no orixinal.
  - Exemplo: algunhas obras exemplifican o uso das formas na fala local.
  - Cita bibliográfica e páxina da obra onde aparece a variante.
  - Remisións cruzadas: remisións a voces do mesmo corpus.
  - Imaxes: dixitalización de imaxes contidas nos orixinais para consulta.
  - Cartografía: presenta as formas distribuídas xeograficamente segundo o concello (Galicia e Portugal) ou a *mesorregião* (Brasil).
  - Lema de cada lingua: o lema permite o acceso ás diferentes variantes flexivas, ortográficas ou fónicas dunha mesma voz.
  - Categoría gramatical ligada ó lema.
  - Clasificación semántica: as variantes organízanse en campos semánticos.
- Estes tres últimos campos son da responsabilidade do equipo de elaboración do *Tesouro* e non dos autores dos textos compilados.


## Utilidades: tipos de busca

### Busca simple


- Variante  
En cada variante indícase o lema baixo o que está agrupada. Ademais, é posible identificar a localización dunha variante concreta dentro do conxunto.
- Lema  
Permite ver todas as variantes que se recollen baixo un mesmo lema.
- Unidades fraseolóxicas  
Ofrece a posibilidade de realizar buscas directas de unidades complexas, que acadan unha maior visibilidade ó apareceren en pé de igualdade coas unidades monolexicais.
- Campo semántico  
Permite restrinxir a busca ás variantes agrupadas nos campos semánticos de interese para o usuario.




Busca por lema: *chuvia*




Busca por variante: *chuvia*



Unidades fraseolóxicas: *cadeira de frade*



Unidades fraseolóxicas: *facer as beiras*




O clasificador semántico como desambiguador: 2.4.1 *Salinas*


### Busca avanzada

- Localización
- Campo semántico
- Categoría gramatical

Na busca avanzada o usuario pode utilizar tres filtros de busca de forma individual ou combinada. Como resultado obtén unha listaxe de formas (lemas e variantes) acompañada da localización xeográfica.



Busca avanzada (categoría gramatical): *locución adverbial*



Busca avanzada: *Galicia, 8.3 Comida e bebida, sf*

### Membros do equipo galego

Rosario Álvarez Blanco (coord.), María Álvarez de la Granja, María Beatriz Domínguez Oroña, Ernesto X. González Seoane, Rosa Mouzo Villar, Marta Negro Romero, César Osorio Peláez e Xulio Sousa Fernández